



*SEIXÓN (SAN PAIO)



Parroquia cunha superficie de 6,2 km² situada no norte do municipio de Friol, que conta con 86 habitantes repartidos nos lugares de A Abelaira, Cela, A Pedranegra, Seixón de Abaixo, Seixón de Arriba, Subcampo e O Vilar. A súa densidade de poboación é de 13,87 hab/km²



**FRIOL,
PQ. SEIXÓN**

O monumento máis destacado da parroquia é de novo a igrexa, neste caso de estilo románico e construída no século XII grazas ó mestre *Iohannes*. Tamén ten unha área recreativa moi natural pola que pasa o Camiño Norte a Santiago de Compostela. Ademais, no tramo do río Parga que atravesa esta parroquia hai dous muiños, o do Gabino e o do Roque.

Neste caso foron dous lugares os que lle deron nome á parroquia. Ademais de localizarse neste concello, Seixón tamén é un lugar da parroquia de San Salvador de Sabadelle, en Portomarín.

O topónimo de **Seixón** vén do antropónimo étnico *Saxonius* («de Saxonia»), aínda que hai quen defenden a hipótese da súa procedencia a partires de *saxum* («rocha, penedo»). De tódolos xeitos, o certo é que nos Tombos de Sobrado do século X xa se menciona esta vila (*Saxoni*), e nos séculos posteriores aparece como *Saixom* (S. XIII) e *Seixom* (sen data).

En canto ós lugares, **A Abelaira** procede da voz *abelá* (*abellana nux*), que se acepta coma un derivado da cidade latina de Abella. A esta voz engadiuselle o sufixo *-aria* (*abellanaria*). Co tempo, dito sufixo mudou a *-aira* e o *-ll-* transformouse nunha soa consoante *-l-*.

Cela vén do latín *cella* e, na opinión de Nicandro Ares (2011: 872), podería aludir á existencia dalgún celeiro de orixe monástica.

A Pedranegra procede de termos tan transparentes como *petra* e *nigra*.

Por outro lado, **Seixón de Abaixo** e **Seixón de Arriba** diferéncianse na diferenza de altitude presente entre ámbolos dous lugares.

Sucampo procede do termo latino *campus* («campo») ao que se lle engadiu o prefixo *su-* («sub-, debaixo»).

Por último, **O Vilar** xa foi explicado na parroquia de Narla (v. nº 14).

*Texto extraído do traballo clasificado no segundo posto do "I Premio de investigación Histórica, Cultural e Entnográfica Concello de Friol" presentado por Dona Laura Ferro Devesa e Dona Estefanía Pena Ferro e titulado "TOPONIMIA DO CONCELLO DE FRIOL" Friolensis